

# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correa@carral.es](mailto:correa@carral.es)

**ACTA DA SESIÓN DO PLENO DO CONCELLO DE CARRAL (A CORUÑA) Nº8/2017, ORDINARIA, REALIZADA O 30 DE NOVEMBRO DE 2017.**

## ASISTENTES

### **Presidente**

Sr. Alcalde, FERNÁNDEZ MOURIÑO, José Luis (PP)

### **Concelleiros/as**

#### **Grupo municipal do PP**

DUARTE GERPE, Florinda  
RAMILO VARELA, Margarita  
GARCÍA GONZÁLEZ, Alfonso  
BARBEITO REY, Carlos  
MONTES MARTÍNEZ, José Manuel  
REGUEIRA MOAR, Rubén

#### **Grupo municipal do PsdeG-PSOE**

COUTO LÓPEZ, Pablo  
CETINA MOCHALES, Jesús Javier  
BLANCO FIDALGO, Patricia  
RODRÍGUEZ LADO, Manuela Candelaria  
ORGEIRA CAMPELO, José Francisco

#### **Grupo municipal mixto**

BERGONDO TRILLO, César Manuel (ACC/SON)

#### **Interventora do Concello**

Noemí González Mato

#### **Secretario do Concello**

Diego García Doval

**HORA DE INICIO:** 12:09


**HORA DE REMATE:** 12:53

No Salón de Plenos do Concello, sendo as 12:09 horas do 30 de novembro de 2017, tras convocatoria efectuada polo señor Alcalde, mediante decreto do 27 de novembro de 2017, e segundo o acordo plenario do 9 de xullo de 2015 polo que se estableceu a periodicidade das sesións ordinarias do Pleno, reúnense na sesión 8/2017, de carácter ordinario, e en primeira convocatoria, os señores/as corporativos/as expresados/as con anterioridade, procedéndose a abrir o acto, unha vez comprobada polo Secretario a existencia do quórum necesario para a válida constitución do órgano, para deliberar, no seu caso, e adoptar os correspondentes acordos sobre asuntos incluídos na seguinte

### Parte resolutiva da sesión

- 1.- Aprobación da acta da sesión anterior ( nº 7/2017, ordinaria, do 28 de setembro de 2017).
- 2.- Proposta de aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial de crédito 3/2017.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

3.- Proposta de aprobación definitiva da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

4.- Proposta de aprobación polo Concello de Carral de modificación dos estatutos para a constitución e funcionamento da asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés).

5.- Proposta de aprobación inicial de modificación da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, para a súa adaptación á Disposición Adicional 8ª da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.

## Parte da sesión de control dos demais órganos da Corporación

6.- Dación de conta de decretos da Alcaldía e, no seu caso, de reparos da Intervención do Concello.

7.- Mocións dos grupos políticos, no seu caso.

8.- Rogos e preguntas.

## ORDE DO DÍA

### PARTE RESOLUTIVA DA SESIÓN

#### **1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR ( Nº 7/2017, ORDINARIA, DO 28 DE SETEMBRO DE 2017).**

Conforme ao preceptuado no artigo 91 do Real Decreto 2568/1986, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF, en adiante) o señor Alcalde pregunta se algún/ha membro do Pleno desexa formular algunha observación á acta da sesión nº 7/2017, ordinaria, do 28 de setembro de 2017 .

Ao non realizarse ningunha observación, o señor Alcalde somete a votación a acta, e esta é aprobada, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as señores/as concelleiros/as que asistiron á sesión referida entre os presentes nesta .

#### **2.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITO 3/2017.**


##### **EXPOSICIÓN**


No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 20 de novembro de 2017, como segue:

##### **"PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**(Asunto: Expediente de Recoñecemento Extraxudicial 3/2017).**

**D. JOSÉ LUIS FERNÁNDEZ MOURIÑO**, Alcalde – Presidente do Moi Leal e Excmo. Concello de Carral, considerando que durante este exercicio 2017 recibíronse facturas da empresa SUMIAGRO, S.A. que non foron facturadas nos exercicios correspondentes, así como a aparición de algunha factura pendente de





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)


aprobación, non incluída nos expedientes de recoñecemento extraxudicial anteriores, incumpríndose así o procedemento de "aprobación do gasto público" que regula O texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (aprobado por Real Decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo).


Tendo en conta que a non aprobación destas facturas para o seu posterior pagamento suporía un "enriquecemento inxusto da Administración" e que o artigo 26.2.c do RD 500/90 do 20 de abril, sinala que con cargo ao orzamento corrente podería contraerse obrigas "procedentes de exercicios anteriores a que se refire o art. 60.2 deste Real Decreto". Sinalando á súa vez, o art. 60.2 que "Corresponden o Pleno da Entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, sempre que non exista dotación orzamentaria".

PROPOÑO ó Pleno desta Entidade, logo da fiscalización pola Intervención Municipal a aprobación do Expediente de **RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2017 dos créditos que se presentan como Anexo I a este Expediente por importe total de 5.409,10 €.**

## ANEXO I: RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL 3/2017.

Nº de Entrada	Terceiro	Nome	Nº Factura	Data Factura	Importe Total	Programa	Económica
F/2016/728	B82080177	RICOH ESPAÑA, S.A.U.	840876753	21/04/17	294,42 €	920	22000
F/2016/1087	B15987050	NEUMATICOS MAGAFEY, S.L.	A 16214	31/05/17	249,68 €	150	21400
F/2017/1661	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	15 334	31/07/15	109,89 €	150	22111
F/2017/1662	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	15 404	31/08/15	60,24 €	150	22111
F/2017/1663	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	15 265	30/06/15	101,14 €	150	22111
F/2017/1664	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	15 460	30/09/15	214,92 €	150	22111
F/2016/1702	B70433040	A TINTA E ARTE, S.L.	A15 107	15/10/16	142,78 €	920	22000
F/2017/1702	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 39	29/02/16	127,17 €	150	22111
F/2017/1703	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 84	31/03/16	61,90 €	150	22111
F/2017/1807	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 209	30/06/16	135,35 €	150	22111
F/2017/1808	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 281	31/07/16	158,86 €	150	22111
F/2017/1809	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 349	31/08/16	98,00 €	150	22111
F/2017/1810	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 411	30/09/16	118,40 €	150	22111
F/2017/1822	A15080872	SUMIAGRO, S.A.	16 458	31/10/16	476,79 €	150	22111
F/2016/1959	B70339494	XAN CASAS S.L.	A16 962	03/11/16	2.575,56 €	920	22001
F/2016/1983	B70064472	EL ENTORNO METROPOLITANO GRUPO EDITORIAL, S.L.	01 210002	30/09/16	484,00 €	920	22601
					5.409,10 €		





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

”

No expediente da sesión consta o informe emitido pola señora Interventora do Concello o 20 de novembro de 2017, no que se conclúe: "(...) Á Vista do exposto, esta Intervención Municipal INFORMA que existe crédito orzamentario no exercicio 2017, para facer fronte os gastos propostos e nas partidas propostas pola Alcaldía ó Pleno. En virtude do exposto, o Pleno, co seu superior criterio, acordará o que estime oportuno”.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con tres abstencións (dos dous señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

### DEBATE

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) manifesta que seguimos con débedas de 2015, que xa debían estar pagadas, aínda que neste caso sexa por culpa das empresas, segundo a señora Interventora. Coida que son bastantes cartos que corresponden a outros exercicios para seguir endebedándonos, e que deberían adicarse a outras cousas neste exercicio.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) expón que o seu grupo se vai abster e que, aínda que a Interventora dixo na comisión informativa que este foi un tema da empresa que facturou tarde, considera que, como ela di nos seus informes, haberían de evitarse estas circunstancias, pois están a hipotecar ano tras ano as contas do Concello, que segue tan endebedado, nuns tres millóns e pico de euros.

O señor Alcalde replica que non é certo, e que o Concello cumpre todas as normas do Ministerio de Facenda e a regra de gasto. Explica que as empresas non presentaron as facturas ao seu debido tempo ou non o fixeron inicialmente a través da plataforma electrónica ao efecto, e que hai que recoñecelas para poder pagarlles. Engade que, como as cousas están feitas, pagarlles non é endebedarse máis, se non evitar o enriquecemento inxusto do Concello. Considera, asemade, que o importe da proposta é unha cantidade simbólica.


O señor Bergondo Trillo replica que sempre din o mesmo e pídelle ao señor Alcalde que non terxirse, pois as facturas deberían estar pagadas e os cartos que se usen non estaban destinados para estes gastos. Ademais, engade que o Concello está endebedado en maior ou menor medida, pois ten que pagar aos bancos.


Pola súa banda, o señor Couto replica que sen dúbida hai que pagar, mais que, na súa opinión, é faltar á verdade dicir que non hai débeda. Considera que unha mostra de que se fixeron as cousas mal é que hai unha débeda duns tres millóns de euros, e que houbo que facer un plan de axuste para o Ministerio.

O señor Alcalde resposta que é a opinión do señor Couto, pois el coida que o diñeiro se investiu para mellorar a calidade de vida da veciñanza, e que as débedas financeiras que se amortizan debidamente se derivaron da creación polo Concello de servizos para unha calidade de vida alta, mentres se cumpren as normas estrictas do Ministerio de Facenda, aínda que sexa ao límite.

O señor Couto opina que o señor Alcalde vive nunha realidade paralela, e que adoita terxiversar a realidade, mentres, por exemplo, o seu equipo de goberno subiu o IBI.

O señor Alcalde manifesta que o Concello non debe o que di o señor Couto, e que se verá como evolucionan as contas no orzamento de 2018. Reitera que se inviste para unha mellor vida dos veciños e manifesta que, cando se presente o orzamento, posiblemente se leve sorpresas e teña poucos argumentos.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Couto replica que é ano preelectoral.

## VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por sete votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, e con seis abstencións (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), adoptando os seguintes acordos:

Aprobación do expediente de recoñecemento extraxudicial 3/2017 dos créditos que se presentan como Anexo I a este expediente por importe total de 5.409,10 €.

## 3.-PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DO APROVEITAMENTO DE TERREOS, TANTO DE DOMINIO PÚBLICO COMO PRIVATIVOS DE USO PÚBLICO, MEDIANTE A OCUPACIÓN TEMPORAL CON TERRAZAS E INSTALACIÓN ANÁLOGAS, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA, NO CONCELLO DE CARRAL.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO


**Asunto: Aprobación definitiva da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.**


Logo de estimar a necesidade de realizar unha regulación axeitada ás necesidades actuais das terrazas de establecementos hostaleiros do municipio, acreditada pola demanda de instalación de tales terrazas por diversos establecementos, esta Alcaldía estimou a oportunidade de iniciar os trámites para a aprobación dunha nova ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría no concello de Carral.

Tras redactarse unha proposta de tal texto normativo, e someterse o seu texto a consulta pública aos efectos do establecido no artigo 133 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (sen que tivese entrada no rexistro xeral do Concello Carral ningunha achega por outras persoas ou entidades no prazo establecido ao efecto), o Pleno do Concello, mediante acordo adoptado na sesión ordinaria realizada o 03 de agosto de 2017, procedeu á aprobación inicial da ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría no concello de Carral.

En cumprimento do establecido no artigo 49.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, someteuse o texto da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas, polo prazo de trinta días, para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello (entre o 11 de agosto e o 27 de setembro) e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (n.º 152, do 11 de agosto).

Durante o devandito prazo, segundo o informe emitido o 21 de novembro de 2017 pola auxiliar do rexistro xeral do Concello, presentouse unha alegación á devandita aprobación inicial, por parte de D. Manuel Alfonso Fachal Bermúdez (datada o 11 de setembro de 2017 e presentada no rexistro xeral do Concello o 18 de setembro de 2017, n.º 2.103), na que, esencialmente, se fai referencia á problemática que podería conlevar a aprobación definitiva do artigo nos termos propostos:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## "ARTIGO 9.- HORARIOS

O funcionamento das terrazas axustarase, con carácter xeral, ao horario do establecemento a que correspondan salvo que, polas especiais condicións de tal horario ou do entorno correspondente, se poida fixar outro na autorización que se emita."

O alegante manifesta que "(...) Segundo esta redacción os pubs ou as discotecas poderían ter unha terraza situada na vía pública aberta a te as 4 ou as 5:30 da mañá co que as molestias por causa do ruído aos veciños dos inmobles limítrofes poden ser considerables, e a competencia sancionadora segundo o sinalado tanto na LEI 37/2003, do 17 de novembro, do Ruído, coma no DECRETO 06/2015, de 9 de xullo, sobre contaminación acústica de Galicia; corresponde ao Concello". Asemade, lembra que o Concello non aprobou con posterioridade ao Decreto 106/2015, do 9 de xullo, unha ordenanza sobre contaminación acústica adaptada á normativa básica estatal, e que "(...) non conta con instrumentos de planeamento que incorporen a zonificación acústica do territorio, polo que o Concello non conta con instrumentos obxectivos que fixen cales deben ser os criterios segundo os cales "polas especiais condicións de tal horario ou do entorno correspondente, se poida fixar outro na autorización que se emita"". Por todo iso, o alegante considera que "(...) o horario sinalado na vixente ordenanza de terrazas do Concello de Carral (...) semella ser máis respetuosa coa inmisión acústica que poidan producir as terrazas situadas nas vías públicas nas edificacións residenciais pegadas a elas" e, por tanto solicita que "a redacción do artigo 9, volva a ser a mesma que a da vixente ordenanza".

Considerando que os motivos indicados poden aconsellar a estimación da alegación presentada, para evitar problemas en materia de contaminación acústica.

Por tanto, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO**, coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.d) LRBRL ) que adopte , segundo o establecido no artigo 49 LRBRL, os seguintes

## ACORDOS

1.- Estimar a alegación presentada por parte de D. Manuel Alfonso Fachal Bermúdez (datada o 11 de setembro de 2017 e presentada no rexistro xeral do Concello o 18 de setembro de 2017, n.º 2.103)e, por tanto, cambiar a redacción do artigo 9 da ordenanza aprobada inicialmente, para manter o sentido do texto da vixente (con meras correccións técnicas e terminolóxicas), como segue:

### "ARTIGO 9. HORARIOS

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario (sen prexuízo das limitacións adicionais que poidan establecer outras Administracións competentes na materia):

1.- O inicio do funcionamento das terrazas non poderá ser anterior ás 08:00 horas da mañá.

No caso de rúas semipeonís nas que, a certas horas do día, a circulación estea permitida, o horario de inicio de colocación do mobiliario quedará suxeito ao devandito horario de circulación,


Os días de celebración de feiras e mercados, o inicio da colocación do mobiliario, nas rúas nas que se sitúen os postos, estará supeditado á finalización do horario da feira ou mercado.


2.- O horario máximo de peche será:

— En días laborables e festivos : 00:00 horas.

— En sábados e vésperas de festivos: 01:00 horas.

3.- Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, os establecementos poderán am-





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

pliar o seu horario de terraza até as 01:00 horas, excepto os sábados e vésperas de festivos, en que se poderá ampliar até as 02:00 horas.”.

2.- Aprobado definitivamente, incorporando tal modificación, a ordenanza municipal reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

3.- Publicar o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.”.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por cinco votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP presentes na sesión, e con dúas abstencións (do señor concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE presente no intre da votación na sesión e do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

## DEBATE

O señor Alcalde explica que, logo de aprobarse a ordenanza de xeito inicial, houbo alegación dun policía local, advertindo dos problemas que podería conlevar que os horarios de peche das terrazas fosen os mesmos cós dos locais, polo que se propón restrinxir os horarios de peche das terrazas como estaban regulados até agora.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) opina que é curioso que o señor Alcalde non explicase ao pobo o punto anterior e este si. No tocante ao contido da proposta, manifesta que está de acordo coa modificación, por axustarse, na súa opinión, ao que precisan a veciñanza e os comerciantes.

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) explica que o seu grupo se vai abster pois, se ben é necesaria unha normativa para as terrazas, o complexo é a súa vixilancia e, na súa opinión, o que está mal son as beirarrúas, polo que coida que a ordenanza se vai poder aplicar en poucos sitios. Engade que sempre se di que o Concello non ten competencias sobre a estrada N-550, mais coida que o Ministerio de Fomento estaría encantado de que actuase en relación ás beirarrúas, pois reitera que, na súa opinión, Carral non está preparado.

O señor Alcalde replica que imaxina que o señor Couto non quere que se retranqueen os edificios.


## VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por oito votos a favor dos/as sete señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e do grupo municipal mixto (ACC/SON), e con cinco abstencións (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE), adoptando os seguintes acordos:

1.- Estimar a alegación presentada por parte de D. Manuel Alfonso Fachal Bermúdez (datada o 11 de setembro de 2017 e presentada no rexistro xeral do Concello o 18 de setembro de 2017, n.º 2.103)e, por tanto, cambiar a redacción do artigo 9 da ordenanza aprobada inicialmente, para manter o sentido do texto da vixente (con meras correccións técnicas e terminolóxicas), como segue:

“ARTIGO 9. HORARIOS

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario (sen prexuízo das limitacións adicionais que poidan establecer outras Administracións competentes na materia):





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

1.- O inicio do funcionamento das terrazas non poderá ser anterior ás 08:00 horas da mañá.

No caso de rúas semipeonís nas que, a certas horas do día, a circulación estea permitida, o horario de inicio de colocación do mobiliario quedará suxeito ao devandito horario de circulación,

Os días de celebración de feiras e mercados, o inicio da colocación do mobiliario, nas rúas nas que se sitúen os postos, estará supeditado á finalización do horario da feira ou mercado.

2.- O horario máximo de peche será:

— En días laborables e festivos : 00:00 horas.

— En sábados e vésperas de festivos: 01:00 horas.

3.- Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza até as 01:00 horas, excepto os sábados e vésperas de festivos, en que se poderá ampliar até as 02:00 horas.”.

2.- Aprobar definitivamente, incorporando tal modificación, a ordenanza municipal reguladora do aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas, anexas a establecementos de hostalaría, no concello de Carral.

3.- Publicar o texto íntegro da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

## **“ORDENANZA REGULADORA DO APROVEITAMENTO DE TERREOS, TANTO DE DOMINIO PÚBLICO COMA PRIVATIVOS DE USO PÚBLICO, MEDIANTE A OCUPACIÓN TEMPORAL CON TERRAZAS E INSTALACIÓN ANÁLOGAS, ANEXAS A ESTABLECEMENTOS DE HOSTALARÍA NO CONCELLO DE CARRAL.**

### **ARTIGO 1.- OBXECTO**

1.-A presente Ordenanza ten por obxecto a regulamentación do réxime xurídico a que debe someterse o aproveitamento de terreos, tanto de dominio público coma privativos de uso público, dentro do concello de Carral mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalería de carácter permanente.

2.-Esta Ordenanza non será de aplicación aos actos de ocupación do dominio público de carácter hostaleiro que se realicen con motivo da celebración das festas patronais, feiras e festexos populares, os que se rexerán polas súas normas específicas.


3.-Non son obxecto desta Ordenanza a instalación de quioscos ou instalacións permanentes en espazos exteriores de dominio público municipal. Ditas ocupacións suxeitaranse a previa concesión administrativa.

### **ARTIGO 2.- INSTALACIÓNS AUTORIZABLES**


Aos efectos desta Ordenanza, entenderase por terrazas, as instalacións formadas por mesas, cadeiras, parasoles, toldos, xardineiras e outros elementos de mobiliario urbano móbiles e desmontables, que desenvolven a súa actividade de forma accesoria a un establecemento principal de hostalaría, tal como bar, café-bar, cafetería, restaurante o similares.

### **ARTIGO 3. AUTORIZACIÓNS**

1.-A implantación destas instalacións require a previa obtención de licenza municipal nos







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

termos previstos nesta ordenanza e na normativa sectorial aplicable. Prohíbese a instalación de terrazas na vía pública sen licenza municipal. Todas as licenzas outorgaranse deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiro, entendéndose concedidas en precario. O exercicio da actividade desenvolverase a risco e ventura dos interesados.

2.-O petionario da licenza non ostenta un dereito preexistente a súa obtención, polo que nin a presentación da solicitude de autorización de ocupación de vía pública nin o pagamento das taxas correspondentes, autorizan ao interesado para instalar a terraza.

3.-A instalación de terrazas sen a preceptiva licenza ou sen axustarse ás condicións da licenza, dará lugar a inmediata orde de retirada que, de non ser executada voluntariamente polo interesado, executarase subsidiariamente polo Concello, a custa do obrigado, sen prexuízo das sancións que proceda impoñer.

## ARTIGO 4.- SOLICITUDES

1.-Poderán solicitar licenza para este tipo de ocupacións, os titulares do correspondente título habilitante (licenza ou comunicación previa) dos establecementos de hostalaría que linden co espazo exterior que se pretende ocupar, sempre que a actividade se desenvolva de conformidade coas normas urbanísticas e sectoriais que a regulan.

2.-As solicitudes presentaranse, cun mes, como mínimo, de antelación á data de instalación que se interesa, debendo especificar os datos persoais, nome comercial do establecemento e licenza de actividade del, ámbito temporal da instalación, dimensións da terraza, largo da beirarrúa libre para peóns, número de cadeiras, mesas, toldos, parasoles e demais elementos decorativos.

3.-De tratarse da primeira instalación, a solicitude acompañarase necesariamente da seguinte documentación:


a).-Copia do título habilitante (licenza ou comunicación previa) da actividade do establecemento de hostalaría. Para a concesión da licenza, o establecemento non poderá ter abertos expedientes de disciplina urbanística ou de contaminación acústica.


b).-Memoria descritiva do tipo de ocupación que se vai realizar e do mobiliario que se pretende instalar. Deberá expresar o número de mesas e cadeiras a instalar e a superficie de m<sup>2</sup> a ocupar.

c).-Achegarase unha fotografía do mobiliario e da fachada do establecemento.

d).-Plano de situación da terraza, no que se reflectan a superficie a ocupar, a lonxitude da fachada do establecemento, largo da beirarrúa, distancias ás esquinas, paradas de autobuses, saídas de emerxencia, pasos de vehículos, así como todos os elementos de mobiliario urbano existentes na área de influencia da ocupación.

e).-No caso dunha instalación xa autorizada en períodos anteriores e sen pretender cambio ningún, non será necesario presentar a documentación esixida no apartado anterior, e o interesado fará constar na súa solicitude a circunstancia de ter realizado a instalación de terraza en período anterior, indicando o número de expediente e a data da licenza de ocupación de dominio público, sinalando que se mantén o mesmo titular, a mesma actividade e as mesmas condicións da instalación da terraza.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ARTIGO 5.-CONDICIÓN DE UBICACIÓN

As instalacións, deberán cumprir as seguintes condicións:

### 1.-Condicións xerais:

-A colocación de terrazas nas vías públicas deberá en todo caso respectar o uso común xeral preferente delas. En consecuencia, non suporán obstáculo para o tránsito peonil nin poderán prexudicar a seguridade deste ou do tráfico rodado. En todo caso, cando o titular da vía non sexa o Concello de Carral, deberase presentar a autorización do organismo titular da vía, previamente á presentación da solicitude no rexistro do Concello.

A autoridade municipal competente denegará a autorización destas instalacións temporais en calquera dos seguintes supostos:

- Cando se incumpran os requisitos esixidos na presente Ordenanza.
- Cando a instalación se pretenda realizar en calzada na zona reservada en exclusiva para o tránsito de vehículos.
- Cando supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente ao tráfico dos peóns.
- Cando poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando supoña para a súa atención atravesar a calzada.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, cabinas telefónicas, etc...).
- Cando resulte inadecuada ou discordante co seu entorno, por exemplo, menoscabando o interese de edificios públicos ou espazos públicos ou de carácter histórico-artístico.
- Cando estean en tramitación expedientes administrativos de disciplina urbanística e/ou contaminación acústica que afecten ao establecemento de hostalería.

### 2.-Condicións particulares:

#### a).-Condicións no caso de ocupación das beirarrúas e ocupación permitida:

Será requisito indispensable para autorizar a instalación da terraza que a beirarrúa na que se instale teña un largo mínimo de 2,20 metros e que se deixe, cando menos, un espazo de 1,50 metros libres de obstáculos para o tránsito dos viandantes.

Nas beirarrúas de largo igual ou superior a 2,20 metros e inferior a 3 metros, tan só se permitirán dúas cadeiras por mesa, debendo colocarse a mesa apegada á liña da fachada do establecemento principal e as cadeiras enfrontadas, co fin de que quede, cando menos, un espazo de 1,50 metros libres de obstáculos para o tránsito dos peóns.

#### b).-Condicións no caso de ocupación dos espazos de aparcamento:

Se a instalación ocupase a calzada, e existise desnivel entre a beirarrúa e a terraza, deberá colocarse unha tarima desmontable ao mesmo nivel có da beirarrúa, para protección das persoas que utilicen a instalación, e para impedir o estacionamento de vehículos no espazo reservado á terraza. En ningún caso se poderá autorizar a ocupación de parte dos carrís de circulación de vehículos na calzada.

En todo caso, deberán de colocarse proteccións laterais, tales como varandas ou outros elementos semellantes, que delimiten o perímetro máximo de ocupación autorizada da terraza, salvo na parte que linde coa beirarrúa. Estes elementos se deberán suxeitar mediante unha base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante fixacións mecánicas.

A autorización quedará supeditada ás indicacións que a Policía Local poida realizar para garantir unha maior seguridade da circulación.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

c).-Condicións no caso de ocupación de vías de plataforma única, mixtas peonís e de circulación de vehículos:

En rúas de coexistencia de peóns e vehículos, a instalación deixará libre para o paso dos peóns e dos vehículos polo menos 4 metros.

A autorización quedará supeditada ás indicacións que a Policía Local poida realizar para garantir unha maior seguridade da circulación.

## ARTIGO 6.- MOBILIARIO

1.-O mobiliario utilizado nestas instalacións deberá ser acorde coas características da zona onde se sitúe.

2.-O Concello poderá esixir que o mobiliario se axuste a determinadas características estéticas e de uniformidade entre os diversos establecementos, en concordancia coa realidade arquitectónica do entorno. Ditas características poderán ser esixidas tanto ás novas instalacións como ás xa autorizadas.

3.-O material do mobiliario que ocupe o espazo acoutado (mesas, cadeiras, etc.) deberá ser de boa calidade, discreto, hixiénico, sen arestas nin saíntes e con certo estilo e deseño. Acéptase o emprego de materiais tales como madeira, aluminio.

4.-No caso de instalar parasoles, deberanse suxeitar mediante una base de suficiente peso, de xeito que non produzan ningún deterioro ao pavimento e non supoña perigo para os usuarios e viandantes. En ningún caso poderán fixarse no pavimento mediante fixacións mecánicas. Tanto o voo como o pé de apoio quedarán dentro da superficie que ocupa a terraza, debendo ter os toldos e parasoles unha altura mínima de 2,20 metros para non molestar aos peóns.

5.-Non poderá obstaculizarse a saída á calzada dende os portais das fincas nin dificultar as manobras de entrada ou saída dos vaos permanentes.

## ARTIGO 7.- OBRIGAS

Os titulares das licenzas de terrazas quedarán obrigados especialmente a cumprir o seguinte:

1.-Cumprir as condicións impostas polo Concello na autorización concedida.

2.-Cingirse estritamente á zona autorizada sen pasala por ningún concepto, evitando que os clientes o fagan. Deixarase expedito o acceso a edificios, vivendas, vaos de vehículos e locais comerciais.

3.-Manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.

4.-Fora do horario autorizado para a terraza, o titular da licenza virá obrigado a retirar do exterior a totalidade dos seus elementos de mobiliario, incluíndo as bases dos parasoles. As mesas, cadeiras e parasoles serán recollidos diariamente no interior do local ao que pertenza a terraza ou en local habilitado para tal finalidade polo interesado. Non cabe deixalos na rúa, amontoados e suxeitos con cadeas. A instalación e mailla recollida da terraza realizarase co menor ruído posible co obxecto de garantir o descanso da cidadanía.

5.-Corresponde ao titular da licenza a limpeza da superficie ocupada. En todo caso, o espazo ocupado pola terraza deberá quedar limpo todas as noites trala retirada da terraza.

6.-Unha vez retirada a terraza, se resultase afectado o pavimento pola instalación, o titular da licenza será responsable dos danos causados, debendo repoñer as cousas ao seu estado inicial.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

nun prazo máximo de quince días hábiles. Igualmente serán responsables dos danos ocasionados ás persoas ou ás cousas con motivo da instalación ou retirada da terraza.

## ARTIGO 8.-PROHIBICIÓNS

1.-Por razóns de estética, decoro e hixiene, non se permitirá almacenar ou amorear produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como tampouco residuos propios das instalacións.

2.-Non se permitirá a instalación de mostradores e outros elementos para o servizo da terraza no exterior desta, que deberá ser atendida desde o propio establecemento.

3.-Non se permitirá a instalación e uso nas terrazas de aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.

4.-Prohíbese instalar nas terrazas billares, futbolíns, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.

## ARTIGO 9. HORARIOS

O funcionamento das terrazas axustarase ao seguinte horario (sen prexuízo das limitacións adicionais que poidan establecer outras Administracións competentes na materia):

1.- O inicio do funcionamento das terrazas non poderá ser anterior ás 08:00 horas da mañá.

No caso de rúas semipeonís nas que, a certas horas do día, a circulación estea permitida, o horario de inicio de colocación do mobiliario quedará suxeito ao devandito horario de circulación,

Os días de celebración de feiras e mercados, o inicio da colocación do mobiliario, nas rúas nas que se sitúen os postos, estará supeditado á finalización do horario da feira ou mercado.

2.- O horario máximo de peche será:

— En días laborables e festivos : 00:00 horas.

— En sábados e vésperas de festivos: 01:00 horas.

3.- Durante o período comprendido entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, os establecementos poderán ampliar o seu horario de terraza até as 01:00 horas, excepto os sábados e vésperas de festivos, en que se poderá ampliar até as 02:00 horas.


## RÉXIME SANCIONADOR


### ARTIGO 10.- INSPECCIÓN

Corresponde aos Axentes da Policía Local a inspección do cumprimento do disposto na presente Ordenanza.

### ARTIGO 11.- POTESTADE SANCIONADORA

As infraccións a esta Ordenanza serán sancionadas polo órgano competente municipal, previa instrución do correspondente expediente, de conformidade cos principios e procedemento regulados nas Leis 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, e 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

## ARTIGO 12.- INFRACCIÓNS

Constitúen infraccións a esta Ordenanza os actos ou omisións que contraveñan o disposto nela, que se clasifican en leves, graves e moi graves.

## ARTIGO 13.- INFRACCIÓNS LEVES

Considéranse infraccións leves:

- Ocupar coa terraza maior superficie que a autorizada na licenza.
- O incumprimento da obrigaón de manter as terrazas e cada un dos elementos que as compoñen nas debidas condicións de limpeza, seguridade e ornato.
- O deterioro leve nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou lúdante ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- O incumprimento da obrigaón de retirar do exterior a totalidade dos elementos da terraza ao finalizar o horario autorizado.
- Almacenar produtos, caixas de bebidas e outros materiais xunto as terrazas, así como residuos propios das instalacións.
- Instalar mostradores e outros elementos no exterior da terraza para o servizo desta.
- Instalar e usar nas terrazas aparatos audiovisuais, equipos de música, amplificadores e outros elementos que produzan emisións acústicas de calquera tipo.
- Instalar nas terrazas billares, futbolines, máquinas recreativas, máquinas expendedoras de produtos ou instalacións análogas.
- O incumprimento do horario de funcionamento das terrazas establecido no artigo 9.
- As infraccións que non teñan o carácter de graves ou moi graves.

## ARTIGO 14.- INFRACCIÓNS GRAVES

Considéranse infraccións graves:

- A instalación dunha terraza carecendo da preceptiva licenza municipal.
- A negativa ou obstrución ao labor inspectora, como sería negarse a facilitar, cando sexa requirida polos Inspectores ou Axentes da Autoridade, a licenza da instalación autorizada.
- Cando a instalación da terraza supoña un prexuízo para a seguridade vial (diminución da visibilidade, distracción para o condutor, etc...) ou dificulte sensiblemente o tráfico dos peóns.
- Cando a terraza se instale en xardíns públicos ou comunitarios.
- Cando a instalación poida incidir na seguridade (evacuación) dos edificios e locais próximos.
- Cando impida ou dificulte gravemente o uso de equipamentos ou mobiliarios urbanos (fontes, bancos, cabinas telefónicas, etc).
- O deterioro grave nos elementos do mobiliario e ornamentais urbanos anexos ou colidantes ao establecemento que se produzan como consecuencia da actividade obxecto da licenza.
- A reincidencia por dúas veces, na comisión (no período de 1 ano), de infraccións leves da mesma natureza.

## ARTIGO 15.- INFRACCIÓNS MOI GRAVES

Considéranse infraccións moi graves:


- A ocultación, manipulación ou falsidade dos datos consignados na solicitude ou da documentación anexa aportada en orde á obtención da correspondente autorización.
- A reincidencia por dúas veces, na comisión no período de 1 ano, de infraccións graves da mesma natureza.

## ARTIGO 16.- SANCIONES

As infraccións á Ordenanza tipificadas nos artigos anteriores serán sancionadas:

- As leves, con multa de ata 600 €.
- As graves, con multa de 601 a 1.200 € que poderá acompañarse da clausura temporalea da terraza por un espazo de tempo non superior a un mes.
- As moi graves, con multa de 1.201 a 2.000 € que poderá acompañarse da retirada da licenza.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

da terraza con carácter definitivo.

Na imposición das sancións, deberase gardar a debida adecuación entre a gravidade da infracción cometida e a sanción aplicada, debéndose seguir para a gradación da sanción a aplicar os seguintes criterios:

- A gravidade da infracción.
- O prexuízo causado.
- O beneficio obtido.
- A reiteración.
- As circunstancias do responsable.
- A reincidencia, na comisión no período de 1 ano, de máis dunha infracción da mesma natureza, cando así se declarase por resolución firme.
- A intencionalidade.

## ARTIGO 17.- PRESCRICIÓN

1.-As infraccións leves prescriben aos 6 meses, as graves aos dous anos e as moi graves aos 3 anos.

2.-As sancións impostas por faltas leves prescribirán ao ano, as graves aos dous anos e as moi graves aos tres anos.

3.-O prazo de prescrición das infraccións comezará a contarse desde o día en que a infracción se cometese. No caso de infraccións continuadas ou permanentes, o prazo comezará a correr dende que finalizou a conduta infractora.

O prazo de prescrición das sancións comezará a contarse dende o día seguinte a aquel en que sexa executable a resolución pola que se impón a sanción ou transcorrese o prazo para recurrila

## DISPOSICIÓN TRANSITORIA ÚNICA

As licenzas concedidas con anterioridade á entrada en vigor da presente Ordenanza deberán axustarse ao disposto nela no prazo máximo de 6 meses dende a entrada en vigor.

## DISPOSICIÓN DERROGATORIA

Queda derogada a "Ordenanza reguladora do aproveitamento de terreos mediante a ocupación temporal con terrazas e instalacións análogas que constitúan complemento da actividade que desenvolven os establecementos de hostalaría de carácter permanente" publicada no BOP Nº 188 de 30/09/2011.


## DISPOSICIÓN FINAL


A presente ordenanza entrará en vigor, logo da súa publicación íntegra no BOP da Coruña, despois de transcorrer o prazo previsto no artigo 70 en relación co 65.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local."

**4.- PROPOSTA DE APROBACIÓN POLO CONCELLO DE CARRAL DE MODIFICACIÓN DOS ESTATUTOS PARA A CONSTITUCIÓN E FUNCIONAMENTO DA ASOCIACIÓN DE CONCELLOS PARA A PROMOCIÓN DO DESENVOLVEMENTO TURÍSTICO DO CAMIÑO INGLÉS DE SANTIAGO (ASOCIACIÓN DE CONCELLOS DO CAMIÑO INGLÉS).**

## EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía ao Pleno, do 21 de novembro de





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

2017, como segue:

## "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta de aprobación polo Concello de Carral de modificación dos estatutos para a constitución e funcionamento da asociación de concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago (Asociación de Concellos do Camiño Inglés).**

Logo de ver que o 05/07/2016 se realizou en Carral unha reunión entre os representantes dos concellos que consensaron unha proposta de estatutos para a constitución da asociación como fase previa á aprobación dos estatutos por cada concello, establecendo tamén a estrutura de cotas a aportar por cada municipio en función da súa poboación.

Logo de ver que, previo o preceptivo informe da Secretaría do Concello de Carral 7/2016, do 21 de setembro, o Pleno do Concello de Carral, na súa sesión 8/2016, ordinaria, do 29 de setembro de 2016, adoptou os seguintes acordos:

"Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as presentes na sesión (o que supera a maioría absoluta do número legal de membros da Corporación, esixida polo texto vixente do artigo 47.2.g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local) , adoptando os seguintes acordos:

1.- Manifestar a vontade do Concello de Carral (A Coruña) de adherirse á Asociación de Concellos para a promoción do desenvolvemento turístico do Camiño Inglés de Santiago, xunto cos concellos de Mesía, Cabanas, Paderne, Oroso, Abegondo, Neda, Miño, Pontedeume, Betanzos, Ordes, Culleredo, Cambre, Fene, Narón, Santiago de Compostela, Ferrol e A Coruña.

2.- Aprobar a proposta de estatutos (que se contén no anexo) para a constitución e funcionamento da devandita asociación de concellos, e expresar a vontade de concorrer á asemblea que os aprobe definitivamente.

3.- Designar ao señor Alcalde do Concello de Carral, D. José Luis Fernández Mouriño, coma representante titular da Corporación na devandita asemblea e na constitución da futura asociación e a D<sup>a</sup>. Margarita Ramilo Varela, concelleira delegada das áreas de cultura, participación cidadá e voluntariado do Concello de Carral, coma suplente."

Logo de ver que na Asemblea realizada o 20/06/2017 en Carral entre os representantes dos concellos involucrados se aprobaron e asinaron os estatutos e se elixiu á Xunta Directiva que rexerá a Asociación de concellos do Camiño Inglés, xuntando a Acta Fundacional específica para a remitir ao Rexistro de Asociacións da Xunta de Galicia.

Logo de ver o requirimento de emenda de deficiencias da xefa de sección da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia de data 27/09/2017, no que indica que hai que revisar e modificar determinados artigos dos estatutos (aínda que, se ben se indica que "Non regulan nos estatutos as causas do cese dos membros da xunta directiva (...)", que si están contidas no artigo 19.2 dos estatutos aprobados .

Considerando o disposto na Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación e da Disposición Adicional Quinta da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Considerando o disposto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común, e no Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, que aproba o regulamento de organización e funcionamento das corporacións locais.

Tendo en conta, pois, os antecedentes e o establecido no texto vixente das Leis 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL) , e 5/1997, de 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e tendo en conta o establecido no artigo 47.2.g) LRBRL, **PROPOÑO ao Pleno do Concello de Carral** que, previos os preceptivos informes que procedan e o ditame da comisión informativa competente, **adopte os**





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

seguintes

## ACORDOS

1.- Aprobación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádesse un punto 3 ao artigo 19:

"As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3 concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro".

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

"Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente".

2.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza."

No expediente da sesión consta o preceptivo informe da Secretaría do Concello 10/2017, do 21 de novembro de 2017.

A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por seis votos a favor dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP e do señor concelleiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE presentes na sesión, e coa abstención do señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON).

## **DEBATE**

O señor Alcalde explica que levan tempo para aprobar os estatutos e que lle tocou ao Concello de Carral encargarse da súa aprobación. Engade que a Xunta de Galicia solicitou unha serie de emendas e que se han de aprobar por maioría absoluta do número legal de membros da Corporación para que sexan efectivas.

## **VOTACIÓN E ACORDO**

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que integran a Corporación, adoptando os seguintes acordos:


1.- Aprobación dos seguintes artigos dos estatutos da "Asociación de Concellos do Camiño Inglés" aprobados polos Plenos dos concellos integrantes da asociación e polos representantes de ditos concellos na Asemblea de data 20/06/2017:

-Engádesse un punto 3 ao artigo 19:

"As vacantes que se puideran producir durante o mandato de calquera dos membros da Xunta Directiva, serán cubertas provisoriamente entre os ditos membros ata a elección definitiva pola Asemblea Xeral. En calquera caso, a Xunta Directiva debe estar integrada como mínimo por 3







# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

concellos, que exercerán as funcións de presidente, secretario e tesoureiro".

-Modifícase a redacción do artigo 22.1.c):

"Levantar actas dos acordos chegados na asemblea xeral e a xunta directiva e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidente".

2.- Remitir o acordo adoptado de forma urxente ao Concello de Carral para a convocatoria da Asemblea que aprobará a modificación dos estatutos e sinatura dos textos definitivos para enviar ao Rexistro de Asociacións e dar por cumprido o requirimento de data 27/09/2017 da Xefatura Territorial da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza

## 5.- PROPOSTA DE APROBACIÓN INICIAL DE MODIFICACIÓN DA ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL, PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á DISPOSICIÓN ADICIONAL 8ª DA LEI 39/2006, DO 14 DE DECEMBRO, DE PROMOCIÓN DA AUTONOMÍA PERSOAL E ATENCIÓN ÁS PERSOAS EN SITUACIÓN DE DEPENDENCIA.

### EXPOSICIÓN

No expediente da sesión consta a seguinte proposta da Alcaldía en funcións (Señora Primeira Tenente de Alcalde, por substitución do señor Alcalde por ausencia, mediante decreto do 17 de novembro de 2017) ao Pleno, do 22 de novembro de 2017, como segue:

#### "PROPOSTA DA ALCALDÍA AO PLENO

**Asunto: Proposta de aprobación inicial de modificación da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, para a súa adaptación á Disposición Adicional 8ª da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia.**

Logo de ver que o Concello de Carral aprobou en 2010 a súa ORDENANZA XERAL MUNICIPAL SOBRE TRÁFICO, CIRCULACIÓN DE VEHÍCULOS A MOTOR E SEGURIDADE VIAL que, publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña n.º 171, do 07 de setembro de 2010, segue en vigor.

Logo de ver que a Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia establece na súa disposición adicional oitava o seguinte:

#### **"Disposición adicional octava- Terminoloxía**

Las referencias que en los textos normativos se efectúan a «minusválidos» y a «personas con minusvalía», se entenderán realizadas a «personas con discapacidad».

A partir de la entrada en vigor de la presente Ley, las disposiciones normativas elaboradas por las Administraciones Públicas utilizarán los términos «persona con discapacidad» o «personas con discapacidad» para denominarlas.".

A pesares de que a devandita Lei entrou en vigor, de acordo coa súa disposición final novena, o 01 de xaneiro de 2007, por erro, non se produciu a devandita adaptación terminolóxica na ordenanza municipal citada polo que, como lembrou o señor Concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON) D. César Manuel Bergondo Trillo, procede realizala á maior brevidade posible.

Tendo en conta, por outra banda, que a adaptación terminolóxica que se propón é derivada do referido mandato legal e non ten un impacto significativo na actividade económica, non impón obrigas relevantes:





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

aos destinatarios e regula aspectos parciais da materia á que se refire a ordenanza que se pretende modificar, polo que, de acordo co establecido no artigo 133.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, pódese omitir a consulta pública regulada no apartado primeiro do devandito artigo 133.

Por tanto, en uso das atribucións que me confere o artigo 21.1 a), c) e d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL en adiante ), e 80 e 82 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, previo ditame da comisión informativa correspondente, **PROPOÑO AO PLENO DO CONCELLO** ,coma órgano competente na materia (segundo o establecido no artigo 22.2.d) LRBRL ) que adopte , segundo o establecido no artigo 49 LRBRL, os seguintes

## ACORDOS

1.- Aprobar inicialmente as seguintes modificacións da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, para a súa adaptación á Disposición Adicional 8ª da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia:

a).- Tanto no índice, coma no articulado do texto da ordenanza, dentro do capítulo 2º dela, substituir o título "Sección 3ª. Das tarxetas de estacionamento para minusválidos.", por "Sección 3ª. Das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.", e o título do artigo 34 "Artigo 34. Tarxeta de minusválidos" por "Artigo 34. Tarxeta de persoas con discapacidade" .

b).- O artigo 6.4.b) da ordenanza, quedará redactado como segue: "b. Os que trasladen enfermos ou persoas con discapacidade con domicilio ou atención dentro da área."

c).- O artigo 25.e) da ordenanza, quedará redactado como segue: "e. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns e zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade. "

d).- O artigo 34 da ordenanza, quedará redactado como segue (retirando asemade as mencións a normativa derogada): "1. O Concello, no exercicio das súas competencias na materia, adoptará as medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade con problemas graves de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que desta se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e a lexislación sectorial da Comunidade Autónoma.

2. O Concello expedirá a tarxeta de aparcadoiro especial para persoas con mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente e terá validez para todo o territorio nacional. A citada tarxeta permitiralle á persoa titular do vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida, salvo nos que estean destinados a un vehículo determinado ou nos debidamente sinalizados para estacionamento regulado con limitación temporal, carga e descarga e entrada e saída de vehículos.

3.As tarxetas expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición normativa poderán seguir usándose ata a súa substitución."

e).- O artigo 55.1.f) da ordenanza, quedará redactado como segue: "f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril bus, carril taxi, paradas, persoas con discapacidade, etc) e nas zonas reservadas á carga e descarga. "

f).- O artigo 57.d) da ordenanza, quedará redactado como segue:" d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con discapacidade."

g).- No anexo I da ordenanza, as liñas do cadro de infraccións e sancións CIR 91 e 94 que se indican, quedarán redactadas como segue :





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

"

CIR 91 2 5D 65 4 d Parar un vehículo obstaculizando a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con discapacidade. G 200 100 0

CIR 94 1J 5R 65 4 d Parar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade. G 200 100 0

CIR 94 2A 5Q 65 4 d Estacionar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade G 200 100 0

CIR 94 2D 5V 65 4 d Estacionar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade G 200 100 0

".

2.- Someter o texto da modificación da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

3.- Unha vez transcorrido tal periodo, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto da modificación da ordenanza, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.


4.- Publicar o texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña."


A comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno, emitiu na súa sesión ordinaria do 27 de novembro de 2017 ditame favorable á proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as sete señores/as concelleiros/as presentes na sesión no intre da votación ( cinco do grupo municipal, un do grupo municipal do PSdeG-PSOE, e o señor concelleiro do grupo municipal mixto (ACC/SON)).

## DEBATE

O señor Alcalde explica que a proposta se fai a solicitude do señor concelleiro da Asemblea Cidadá de Carral, para substituír na ordenanza indicada os termos "disminuídos" ou "minusválidos" por "persoas con discapacidade", que é o termo legal exacto para non ferir sensibilidades.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) explica que presentou un rogo para poder modificar na ordenanza o termo "minusválidos" nos lugares en que aínda aparece, pola expresión "persoas con discapacidade", que é a legal, a pesares de que opina que non é aínda a máis axeitada. Considera que, aos poucos, haberá que ir modificando todas as ordenanzas, ademais de aprobar as que faltan, coma o regulamento orgánico municipal (ROM) de aillamento acústico (que lembra que está fóra de prazo, pois había un ano para aprobalo desde 2015).





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

Pola súa banda, o señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE), indica que o seu grupo está de acordo coa proposta.

### VOTACIÓN E ACORDO

Sometida a votación, o Pleno aproba a proposta, en votación ordinaria, por unanimidade dos/as trece señores/as concelleiros/as que integran a Corporación, adoptando os seguintes acordos:

1.- Aprobar inicialmente as seguintes modificacións da ordenanza xeral municipal sobre tráfico, circulación de vehículos a motor e seguridade vial, para a súa adaptación á Disposición Adicional 8ª da Lei 39/2006, do 14 de decembro, de promoción da autonomía persoal e atención ás persoas en situación de dependencia:

a).- Tanto no índice, coma no articulado do texto da ordenanza, dentro do capítulo 2º dela, substituír o título "Sección 3ª. Das tarxetas de estacionamento para minusválidos.", por "Sección 3ª. Das tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade.", e o título do artigo 34 "Artigo 34. Tarxeta de minusválidos" por "Artigo 34. Tarxeta de persoas con discapacidade".

b).- O artigo 6.4.b) da ordenanza, quedará redactado como segue: "b. Os que trasladen enfermos ou persoas con discapacidade con domicilio ou atención dentro da área."

c).- O artigo 25.e) da ordenanza, quedará redactado como segue: "e. Sobre as beirarrúas, paseos e demais zonas destinadas ao paso de peóns e zonas sinalizadas para uso exclusivo de persoas con discapacidade."


d).- O artigo 34 da ordenanza, quedará redactado como segue (retirando asemade as mencións a normativa derogada): "1. O Concello, no exercicio das súas competencias na materia, adoptará as medidas necesarias para a concesión da tarxeta de aparcadoiro para persoas con discapacidade con problemas graves de mobilidade e para a efectividade dos dereitos que desta se derivan, tendo en conta a Recomendación do Consello da Unión Europea sobre a creación dunha tarxeta de estacionamento para persoas con discapacidade e a lexislación sectorial da Comunidade Autónoma.

2. O Concello expedirá a tarxeta de aparcadoiro especial para persoas con mobilidade reducida segundo o modelo determinado regulamentariamente e terá validez para todo o territorio nacional. A citada tarxeta permitiralle á persoa titular do vehículo autorizado estacionar nos lugares especialmente reservados para persoas con mobilidade reducida, salvo nos que estean destinados a un vehículo determinado ou nos debidamente sinalizados para estacionamento regulado con limitación temporal, carga e descarga e entrada e saída de vehículos.

3. As tarxetas expedidas con anterioridade á entrada en vigor desta disposición normativa poderán seguir usándose ata a súa substitución."

e).- O artigo 55.1.f) da ordenanza, quedará redactado como segue: "f) Cando un vehículo permaneza estacionado nos carrís ou partes das vías reservados exclusivamente para a circulación ou para o servizo de determinados usuarios (carril bus, carril taxi, paradas, persoas con discapacidade, etc) e nas zonas reservadas á carga e descarga."

f).- O artigo 57.d) da ordenanza, quedará redactado como segue: "d) Cando se obstaculice a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con discapacidade."





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

g).- No anexo I da ordenanza, as liñas do cadro de infraccións e sancións CIR 91 e 94 que se indican, quedarán redactadas como segue :

“

CIR 91 2 5D 65 4 d Parar un vehículo obstaculizando a utilización normal dos pasos rebaixados para persoas con discapacidade. G 200 100 0

CIR 94 1J 5R 65 4 d Parar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade. G 200 100 0

CIR 94 2A 5Q 65 4 d Estacionar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade G 200 100 0

CIR 94 2D 5V 65 4 d Estacionar en zona sinalizada para uso exclusivo de persoas con discapacidade G 200 100 0

“.

**2.-** Someter o texto da modificación da ordenanza aprobada inicialmente a información pública e audiencia ás persoas interesadas polo prazo de trinta días para a presentación de reclamacións e suxestións, mediante anuncios no taboleiro de edictos do Concello e no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.


**3.-** Unha vez transcorrido tal período, someter ao Pleno a resolución de todas as reclamacións e suxestións presentadas dentro de tal prazo, e o texto da modificación da ordenanza, á súa aprobación definitiva. No caso de que non se tivese presentado ningunha reclamación ou suxestión, entenderase definitivamente adoptado o acordo até entón provisional.


**4.-** Publicar o texto íntegro da modificación da ordenanza definitivamente aprobada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

### **PARTE DA SESIÓN DE CONTROL DOS DE MAIS ÓRGANOS DA CORPORACIÓN**

O señor Alcalde dálle os seus parabéns á señora Blanco Fidalgo (grupo municipal do PsdeG-PSOE) por ter sido nomeada deputada provincial o venres pasado. Engade que é un honor ter a unha concelleira coma deputada no "Concello de Concellos" que é a Deputación, que "é o noso pai/nai ou padriño", e amósase seguro de que fará un grande labor no que resta de mandato. O señor Alcalde lembra que el botou bastantes anos no ente provincial, e coida que formar parte del fará á señora Blanco sentirse máis coruñesa do que era.

A señora Blanco Fidalgo dálle as grazas polas súas palabras.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

### 6.- DACIÓN DE CONTA DE DECRETOS DA ALCALDÍA E, NO SEU CASO, DE REPAROS DA INTERVENCIÓN DO CONCELLO.

O señor Alcalde expón que os/as señores/as membros da Corporación tiveron á súa disposición os seguintes decretos ditados pola Alcaldía entre o 25 de setembro de 2017 e o 27 de novembro de 2017 (dende a anterior sesión ordinaria do Pleno, até a convocatoria da presente sesión plenaria), dos que se deu conta ao Pleno.

Nº	DATA	ASUNTO
344/2017	25/09/2017	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello definitivo para 2017 Exp. M.C.4/2017. Transferencia de crédito mesmo grupo de función 2/2017.
345/2017	25/09/2017	Asunto: Aprobación 1ª liquidación 2017- Réxime de cofinanciación para as ESCOLAS INFANTÍS xestionadas a través do Consorcio Galego de Servizos de Igualdade e Benestar"
346/2017	25/09/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Benita Gende Gestal e outros (EXP. LP 55/2017)
347/2017	25/09/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 17/2017)
348/2017	26/09/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais de setembro, e atrasos de xaneiro a xuño de 2017
349/2017	27/09/2017	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) ao abeiro da Orde do 22 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concellos de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas das bibliotecas ou axencias de lectura públicas municipais integradas na Rede de bibliotecas de Galicia e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
350/2017	28/09/2017	Asunto: Aprobación da conta xustificativa do anticipo de caixa fixa 1/2017
351/2017	29/09/2017	Asunto: Constitución de anticipo caixa fixa 2/2017 (Habilitada: Ana Isabel Forján Villar)
352/2017	02/10/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Dª. Emilia Guimarey Vilar e outros (EXP. LP 56/2017)
353/2017	03/10/2017	Asunto: Convocatoria Xunta Goberno Local Sesión 18/2017 Ordinaria
354/2017	03/10/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. Francisca Barbeito Gómez e D. Francisco Rodríguez Souto
355/2017	03/10/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Plácido Pereira Martínez (EXP. LP 57/2017)
356/2017	03/10/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca D. Juan Miguel Pazos Castelo (EXP. LP 58/2017)
357/2017	04/10/2017	Asunto: Cumprimento de resolucións xudiciais recaídas en procedemento contencioso-administrativo relativo a responsabilidade patrimonial do Concello ante Varinca S.L.
358/2017	04/10/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a Dª. María del Carmen Bello Brea
359/2017	04/10/2017	Asunto: Modificación do Orzamento Xeral do Concello Exp. M.C.5/2017, X.C. 3/2017.
360/2017	05/10/2017	Asunto: Solicitud de participación do Concello de Carral no Plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (Plan único de concellos) POS+ 2017 Adicional 1/2017, da Deputación Provincial da Coruña.






# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

361/2017	06/10/2017	<b>Asunto: Aprobación e pagamento de factura para xustificación subvención Xunta de Galicia</b>
362/2017	06/10/2017	Asunto: Resolución expedientes sancionadores de multas de tráfico
363/2017	06/10/2017	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Consellaría de Política Social) para o proxecto "Ocio e formación para os/as mozos/as de Carral" ao abeiro da orde do 11 de abril de 2017 pola que se aproban as bases que rexen as subvencións destinadas ás entidades locais de Galicia para a posta en marcha de iniciativas locais dirixidas á xuventude durante o ano 2017, e se procede á súa convocatoria.
364/2017	06/10/2017	Asunto: Aprobación das bases de selección que rexerán a elaboración dunha listaxe para a contratación dun/ha técnico/a de museo subvencionada pola Deputación da Coruña ao abeiro do programa de subvencións a concellos e entidades locais para contratar persoal técnico para a atención de museos e centros de interpretación 2017.
365/2017	09/10/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as D. Felipe Chas Rodríguez (EXP. LP 59/2017)
366/2017	09/10/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (outubro de 2017)
367/2017	10/10/2017	Asunto: <i>Iniciación del expediente de contratación administrativa, no sujeta a regulación armonizada, por procedimiento negociado sin publicidad obligatoria, de carácter urgente, del "SUMINISTRO DE UNA DESBROZADORA LATERAL/TRASERA Y UNA DESBROZADORA DE CUNETAS" (FINANCIADO AL 80%- 27.543,44 €- A TRAVÉS DEL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DE LA XUNTA DE GALICIA)</i>
368/2017	11/10/2017	Asunto: Designación de vogais do Concello integrantes da Xunta Local de Seguridade (mandato 2015-2019)
369/2017	11/10/2017	Asunto: Aprobación e pagamento de factura para xustificación subvención Xunta de Galicia (Campamento de verán).
370/2017	11/10/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 14/2017
371/2017	11/10/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 15/2017
372/2017	11/10/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 17/2017
372bis/2017	13/10/2017	Asunto: Resolución de inicio procedimientu sancionadores de tráfico.
373/2017	17/10/2017	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia mantemento ou reforzamento dun servizo lingüístico xa existente (ED115A).
374/2017	18/10/2017	Asunto: Autorización de pagamento a xustificar 19/2017
375/2017	18/10/2017	Asunto: Relación provisional de solicitantes admitidos/as e excluídos/as do procedemento para a contratación laboral temporal de un/ha técnico/a de museo durante dous meses, a tempo parcial, vinte e unha horas semanais, e bolsa de emprego para os próximos dous anos.
376/2017	19/10/2017	Asunto: Concesión de prestación do servizo de axuda no fogar (libre concorrencia) a D <sup>a</sup> . María Eulalia García Saavedra
377/2017	19/10/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -( SETEMBRO de 2017)
378/2017	23/10/2017	Asunto: Aprobación e pagamento de relación de facturas para xustificación subvención Xunta de Galicia (Adquisición de novidades editoriais en galego con destino á biblioteca municipal de Carral).
379/2017	23/10/2017	Asunto: Aprobación, exposición pública e posta ao cobramento de padrón auga-sumidoiros-depuración- canon da auga 2º trimestre 2017
380/2017	23/10/2017	Asunto: Xunta de Goberno Local 19/2017 Ordinaria
381/2017	23/10/2017	Asunto: Xunta Local de Seguridade 1/2017. Ordinaria (art. 9.3. in fine Reg. Decreto 1087/2010, do 3 de setembro)






## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)


Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

382/2017	24/10/2017	Asunto: Xunta Local de Seguridade 1/2017 Ordinaria (art. 9.3. in fine Real Decreto 1087/2010, do 3 de setembro)
383/2017	24/10/2017	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (outubro de 2017)
384/2017	25/10/2017	Asunto: Modificación comunicación de accidentalidade da Secretaría do Concello por ausencia do titular por vacacións (do 28 de outubro ao 07 de novembro de 2017, en lugar de 27 de outubro a 06 de novembro de 2017) .
385/2017	25/10/2017	Asunto: Aprobación certificación nº 1 (única) da obra "Demolición parcial e rehabilitación de edificio para uso como Aula da Natureza", incluída no Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) da Deputación Provincial da Coruña do ano 2016.
386/2017	25/10/2017	Asunto: Aprobación nóminas mensuais de outubro de 2017
387/2017	26/10/2017	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
388/2017	27/10/2017	Asunto: Corrección de erros en aprobación (efectuado mediante o decreto 387/2017, do 26 de outubro) da conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Consellaría de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria) ao abeiro da Orde do 19 de decembro de 2016 pola que se establecen as bases reguladoras da subvención destinada a concellos de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego en formato físico, con destino ás bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal, integradas na Rede de bibliotecas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2017.
389/2017	27/10/2017	Asunto: Contrato: Contratación administrativa, no sujeta a regulación armonizada, por procedemento negociado sin publicidade obligatoria, de carácter urgente, del "SUMINISTRO DE UNA DESBROZADORA LATERAL/TRASERA Y UNA DESBROZADORA DE CUNETAS"(FINANCIADO AL 80%- 27.543,44 €- A TRAVÉS DEL FONDO DE COMPENSACIÓN AMBIENTAL DE LA XUNTA DE GALICIA) Trámite: Adjudicación
390/2017	07/11/2017	Asunto: Relación definitiva de solicitantes admitidos/as e excluídos/as do procedemento para a contratación laboral temporal de un/ha técnico/a de museo durante dous meses, a tempo parcial, vinte e unha horas semanais e bolsa de emprego para os próximos dous anos, así como día, lugar e hora da entrevista profesional.
391/2017	07/11/2017	Asunto: Liquidación de taxa por aboamentos complexo deportivo (novembro de 2017)
392/2017	07/11/2017	Asunto: Concesión de autorización para canalización subterránea na rúa Belvís, á altura do centro de saúde, por motivo da ampliación e desenvolvemento da rede de comunicacións eléctricas.
393/2017	07/11/2017	Asunto: Contratación laboral temporal dun técnico de museo, a xornada parcial (21 horas/semana), durante dous meses, na modalidade contractual de obra ou servizo determinado, ao abeiro da subvención concedida pola Excm. Deputación Provincial da Coruña a través das bases do programa publicadas no Boletín Oficial da Provincia nº 247 do 30 de decembro de 2016 e da resolución da concesión definitiva publicada no número 181 do 22 de setembro de 2017.
393bis/2017	08/11/2017	Asunto: Resolución de inicio procedementos sancionadores de tráfico
394/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 18/2017)








## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

395/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente xestión biomasa Lei prevención e defensa contra incendios forestais (Exp FOR 19/2017)
396/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Pedro Millán González Pardo (EXP. LP 60/2017)
397/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Jesús Ramón Carleos Mayán (EXP. LP 61/2017)
398/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca Augusto dos Santos Amparo (EXP. LP 62/2017)
399/2017	09/11/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca CLIREF LUGO, SL (EXP. LP 63/2017)
400/2017	09/11/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 13/2017
401/2017	09/11/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 19/2017
402/2017	09/11/2017	Asunto: Estimación solicitude devolución de ingresos indebidos (devolución parcial ICIO e taxa por obra por cálculo incorrecto, a instancia de Luis Trigo Miranda).
403/2017	10/11/2017	Asunto: Aprobación certificación única da obra "Mellora de estrada municipal en Pedrido. Concello de Carral", ao abeiro do Plan de Acción Social (PAS) 2015, da Deputación Provincial da Coruña.
404/2017	10/11/2017	Asunto: Aprobación certificación única da obra "Mellora de estrada municipal en Bulleiros. Concello de Carral", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
405/2017	10/11/2017	Asunto: Aprobación certificación única da obra "Mellora estrada Abrigosa-Fonte Moura", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
406/2017	13/11/2017	Asunto: Aprobación factura correspondente ao contrato de subministración dunha rozadora lateral/traseira e unha rozadora de beiravías (financiado ao 80%- 27.543,44 €- ao abeiro do Fondo de Compensación Ambiental da Xunta de Galicia)
407/2017	14/11/2017	Asunto: Aprobación conta xustificativa subvención Xunta de Galicia (Vicepresidencia e Consellaría de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) de subvención para a "Adquisición de desbrozadora para actividades de protección e conservación ambiental" ao abeiro da Orde do 30 de decembro de 2016 pola que se regulan os criterios de repartición e se establecen as bases reguladoras e a convocatoria de subvencións da liña en concorrencia non competitiva e da liña en concorrencia competitiva do Fondo de Compensación Ambiental para o ano 2017, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida, destinadas a entidades locais de Galicia.
408/2017	14/11/2017	Asunto: Incoación expediente orde execución limpeza finca herdeiros/as María Rosa Gómez Naveira (EXP. LP 64/2017)
409/2017	14/11/2017	Asunto: Aprobación de factura e certificación nº 1 da subministración con instalación "Renovación y ampliación de parque infantil del Campo da Feira de Carral. Ayuntamiento de Carral "(financiada ao 100%- 220.278,81 €- a través do Plan de Acción Social (PAS) 2015 da Deputación Provincial da Coruña).
410/2017	14/11/2017	Asunto: Aprobación certificación única da obra "Mellora de vias e de seguridade dos mesmos dentro do Parque Empresarial dos Capelos", ao abeiro do Plan Provincial de Cooperación ás Obras e Servizos de competencia municipal (POS) 2016, da Deputación Provincial da Coruña.
411/2017	16/11/2017	Asunto: Liquidación de prezo público por escolas culturais e deportivas (novembro de 2017)





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175// Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82// C.L.F.: P-15021001

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

412/2017	17/11/2017	Asunto: Aprobación e pagamento á Notaría Santa Bárbara (Notario Pedro José Bartolomé Fuentes (17431286T)), designada polo IDAE, como provisión de fondos na forma establecida na Resolución do Director do IDAE 6/6/2016, apartado Segundo.3, con anterioridade á sinatura e formalización, o próximo día 22 de novembro, do préstamo outorgado no IDAE para a renovación das instalacións da iluminación exterior municipal.
413/2017	17/11/2017	Asunto: Substitución do Señor Alcalde pola Señora 1ª Tenente de Alcalde por ausencia (22 de novembro de 2017)
414/2017	17/11/2017	Asunto: Expedición a D. José Albino Pereiro Villaverde de tarxeta de arma de aire comprimido (tipo A)
415/2017	21/11/2017	Asunto: Liquidación servizo de axuda no fogar-prestacións de dependencia e libre concorrencia -(OUTUBRO de 2017)
416/2017	22/11/2017	Asunto: Comisión informativa permanente de asuntos xerais do Pleno 8/2017. Ordinaria.
417/2017	24/11/2017	Asunto: Xustificación de pagamento a xustificar 20/2017
418/2017	27/11/2017	Asunto: Convocatoria Pleno 8/2017 Ordinaria (xoves 30/11/2017)

### 7.- MOCIÓN DOS GRUPOS POLÍTICOS, NO SEU CASO

O señor Alcalde pregunta se algún grupo municipal desexa presentar algunha moción, segundo o establecido nos artigos 91.4 e 97.3 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF en adiante) e, dado que o señor voceiro do grupo municipal do PSdeG-PSOE indica que si, procédese de seguido segundo o establecido no artigo 91.4 ROF en relación ás mocións que presenta tal grupo municipal.

#### 7.1.-Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE denominada "**Moción sobre a adhesión á Xunta pro devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifesto desta plataforma cívica**".

### EXPOSICIÓN

O señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE) presentou por escrito (rexistro de entrada n.º 2.608, do 27 de novembro) a moción cuxo texto se transcribe a continuación:

"


#### **Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás**


O grupo municipal socialista do concello de Carral, a través do seu portavoz municipal Pablo Couto López, presentan a seguinte moción sobre a **adhesión á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás e apoio ao manifesto desta plataforma cívica**.

#### **Exposición de motivos**

O 18 de xullo de 1936 producíase unha sublevación militar e fascista contra o goberno democrático e léxítimo da República. Aquí en Galicia, non houbo guerra civil, senón un auténtico xenocidio, comenzando a "era do terror, os encadeamentos inxustificables, os fusilamentos sen formación de causa, as matanzas en masa", como publicaba Maruja Mallo en agosto de 1938 nas súas crónicas desde o exilio Relato veraz de la realidad de Galicia.

A Junta pro Pazo del Caudillo foi unha iniciativa tomada en marzo de 1938 e da que formarían parte o gobernador Civil da Coruña, Deputación, alcaldes da provincia, significados empresarios, dirixentes franquistas e representantes da banca, Cámara de Comercio e empresas de comunicación. Con esta doazón -entregada a Franco, como Xefe do Estado, o 5 de decembro de 1938 -pretendían conseguir os favores de Franco, aproveitando as súas estadias estivais no pazo de Meirás.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

A adquisición do pazo de Meirás aos herdeiros da Condessa de Pardo Bazán e a propiedade doutros elementos patrimoniais foi un roubo e un espolio continuado, que se disfrazou, fraudulentamente, como unha doazón e compra-venda. Os métodos utilizados foron diversos: desconto do salario de funcionariado e persoas traballador (as coaccións eran tan extremas que algúns alcaldes ditaban bandos advertindo da formación de listaxes negras daquelas persoas que se negasen a pagar esa "doazón voluntaria"); achegas dos concellos; ampliación da propiedade que pasa de 5,7 a 9 hectáreas de terras limítrofes, conducindo os propietarios perante notario pola forza en camións militares para asinar unha compra-venda a 2 pesetas o metro cadrado, que nunca cobrarían; desviación irregular de fondos e recursos públicos ao pazo, etc.

Podemos falar dun espolio de moitos espolios porque dentro do mesmo pazo de Meirás hai pezas arqueolóxicas de importante valor como cruceiros, fontes, balaústres ou escudos traídos doutros lugares ou de pazos galegos. Así, por exemplo, o Pazo de Bendaña (Dodro) foi practicamente desmantelado para instalar na residencia de verán dos Franco elementos como gravados, figuras da capela e as propias pedras. O párroco do Mosteiro de Moraimo (Muxía) denunciaba a desaparición, por orde da esposa de Franco, de dúas pezas de granito, unha delas utilizada como pía bautismal. Tamén acabaron no pazo de Meirás dúas esculturas do Pórtico da Gloria da catedral de Santiago, etc.

Despois da morte do ditador, o 20 de novembro de 1975, a familia Franco recibiu un trato privilexiado, cousa insólita nun país democrático. A viúva recibía unha paga anual superior ao salario do presidente do Goberno. A familia vendeu propiedades doadas a Franco como Xefe do Estado, tivo todo tipo de facilidades para especular con fincas e casas e hoxe teñen unha fortuna de máis de 600 millóns de euros. Poucos días despois de morrer o ditador, o rei Juan Carlos concedía os títulos de Señorío de Meirás e Ducado de Franco, que aínda conservan.

Manter hoxe todas esas propiedades nas mans da familia de Franco e esas distincións, é unha ofensa ás vítimas do franquismo e a toda a cidadanía. Que este espolio continuado se manteña despois de corenta anos de democracia é unha vergoña de Estado. Sería admisíbel que en Alemaña ou Italia os herdeiros dos ditadores e criminais detentasen hoxe propiedades conseguidas durante o réxime de terror? Sería posible a existencia de Fundacións dedicadas a exaltar a memoria de Hitler ou Mussolini?

Cómpre defender a devolución do pazo de Meirás ao patrimonio público a través dunha fronte ampla e unitaria, que agrupe a institucións, entidades e sociedade civil. Cómpre reparar a honra e dignidade das vítimas do franquismo e das persoas que foron roubadas e forzadas a ceder diñeiro e propiedade baixo ameazas e utilizando a violencia máis extrema.

Por todos estes motivos, os grupos municipal socialista presentan a consideración do Pleno os seguintes,

## Acordos

A. Aprobar a incorporación con concello de Carral á Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.


B. Apoiar o seguinte manifesto da Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.


1.- Facemos un chamamento a institucións, asociacións, organizacións políticas, sociais, sindicais, fundacións, etc. para que aproben a súa incorporación a esta Xunta pro Devolución do Pazo de Meirás.

2.- Despois de que a familia do ditador Franco encargase á chamada Fundación Nacional Francisco Franco (FNFF) a xestión das visitas ao pazo de Meirás e que a FNFF declarase que "es una excelente oportunidad para mostrar al gran público la grandeza de la figura de Francisco Franco", condenamos as declaracións da citada Fundación, que son unha apoloxía do franquismo e manifestamos o apoio á memoria das vítimas do franquismo.

3.- Rexeitamos a xestión por parte da FNFF do programa de visitas ao Ben de Interese Cultural (BIC) Pazo de Meirás e apoiamos a demanda do Concello de Sada de que sexa esta administración quen as xestione.

4.- Instamos á Xunta de Galicia a que esixa que se cumpra o réxime de visitas ao BIC, segundo o disposto na Lei de Patrimonio Cultural de Galicia, con independencia da resolución dos expedientes polos incumprimentos reiterados xa incoados, coa imposición da máxima sanción prevista na lei para ditas





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

infraccións.

5.- Instamos ás Cortes, Grupos Parlamentarios e goberno do Estado para que tomen as iniciativas legislativas conducentes á modificación da vixente Lei 50/2002, de Fundacións, co obxecto de amparar a declaración como ilegais daquelas que, como a FNFF, teñan por obxecto a homenaxe á vida e obra criminais do ditador.

6.- Apoiamos a realización dun estudo arredor do espolio e a apropiación do Pazo de Meirás por parte da familia Franco e sobre os pasos concretos a dar para lograr a súa devolución e incorporación ao patrimonio público. Demandamos, así mesmo, da Xunta de Galicia e goberno do Estado o apoio institucional a todas as iniciativas para conseguir ese obxectivo.

7.- Reclamamos a aprobación dunha Lei Galega da Memoria Histórica que, entre outros obxectivos, impida o enalzamento dos protagonistas da represión e inclúa as correspondentes disposicións relativas ao Pazo de Meirás e á súa posta en valor asociado á recuperación da memoria histórica.

8.- Pedimos ás distintas institucións e concellos que presenten iniciativas ou mocións de apoio a este manifesto.

En Carral, a 24 de novembro de 2017

Asdo. Pablo Couto López  
Voceiro grupo municipal socialista

ATT/SR. ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE CARRAL".

O señor Couto López explica que se trata dunha plataforma que propugna que haxa cambios legais para que o pazo volte ao pobo. Asemade, lembra que en Carral a Corporación Municipal foi represaliada, e houbo un grave expolio para a adquisición e reparación do pazo.

A señora Duarte Gerpe (voceira do grupo municipal do PP) expón que o seu grupo vai votar en contra da urxencia da moción, pois hai outra, que lles pasarán máis adiante, que foi presentada na Deputación e votada a favor por todos os grupos.

O señor Couto replica que esta está aprobada en trinta e tres concellos, incluso en Arteixo, gobernado polo PP. Engade que descoñece se se presentou outra na Deputación, mais opina que esta non ten cuestión, pois é a moción oficial e é imposible ser máis imparcial.


A señora Duarte Gerpe manifesta que teñen que valorar xuntos a outra moción, mais que votarán en contra da urxencia desta moción.

O señor Bergondo Trillo (grupo municipal mixto-ACC/SON) pregunta a que se refire a señora Duarte Gerpe cando fala de "valorala xuntos", se a unha xuntanza dos grupos ou a entregárllela cinco minutos antes da sesión. A señora Duarte Gerpe resposta que, en canto a teñan, daránllela, ao que o señor Bergondo resposta que, entón se trata do "caso B". A señora Duarte Gerpe opina que para valorala non fai falla xuntarse.

O señor Couto López opina que é unha mágoa que non se aprobe a moción, pois non é de ningún partido político, e opina con ela só se pretende defender a memoria histórica e ás vítimas.

Sometida polo Señor Alcalde a votación a declaración de urxencia da moción, esta é rexeitada con sete votos en contra dos/as señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PP, fronte a seis votos a favor (dos/as cinco señores/as concelleiros/as do grupo municipal do PSdeG-PSOE e do señor concelleiro do grupo mixto (ACC-SON)), polo que non se pasa ao seu ulterior debate e votación.





# Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

O señor Alcalde dille ao señor Couto que non hai por que alporizarse pois, se está moción a aprobaron en trinta e tres concellos e a da Deputación a refundiron todos os grupos nunha soa para poder aprobala pola Deputación dos noventa e tres concellos, coida que o máis normal é remitirse a esta moción, se se louva o labor da Deputación, aínda que recoñece que ten razón no tocante a que puideron pasárllela antes.

O señor Couto López replica que a moción que presentou lla pasaron da Vicepresidencia da Deputación, ao que o señor Alcalde resposta que é distinta a Deputación e a Vicepresidencia dela.

## 8.-ROGOS E PREGUNTAS.

### 8.1.-Rogos e preguntas do señor Bergondo Trillo (grupo mixto-ACC/SON)

1.- O señor Bergondo Trillo manifesta que, como xa fixo bastantes preguntas na sesión anterior, vai "esperar polo caixón dos recordos". Indica que, logo de terse arranxado o Parque do Campo da Feira, habería que revisar o estado unha arqueta grande que está diante dos edificios de tal praza, pois hai perigo de que poida haber algunha caída nela.

2.-O señor Bergondo Trillo manifesta que, logo de ver que grazas "ao lumbreras do enxeñeiro" non son capaces de saír dos garaxes, pregunta como vai o tema para modificar o proxecto e pregunta como se aprobou.

3.- En relación á situación de seca, indica que o encoro de Cerceda está bastante baleiro, cunha baixada histórica de nivel e, dado que existe un plan para abrir a lagoa das Encrobas para que baixe auga polo Barcés, pregunta se existe algún estudo sobre os efectos que tal apertura de comportas podería ter sobre o Barcés.

### 8.2.- Preguntas do señor Couto López (grupo municipal do PSdeG-PSOE)

1.- O señor Couto López indica que, agora que xa case está rematado o "galpón" ao que denominan Aula da Natureza, de súpeto hai un muro onde ían ser os accesos pola N-550. Pregunta se van ser agora por detrás, dando toda a volta. Engade que, se se trata dunha modificación dunha zona verde do polígono, tería que ir ao Consello da Xunta de Galicia. Pregunta como se van facer finalmente os accesos e se se vai seguir investindo alí, pois considera que é increíble investir uns 40.000 € niso.


2.- Pregunta se van informar algo das obras do POS 2018, e se van deixar participar ou só vai dar dous días para revisalas.


3.- Pregunta cando se van executar as obras do POS 2017 pois, na súa opinión, por exemplo na rúa do Pan hai un caos absoluto cando hai clases.

4.- Pregunta como están os orzamentos para 2018, xa que o señor Alcalde dixo que lle van causar sorpresa, e cando se van presentar, pois aquí sempre hai o costume de levalos o ano seguinte.

5.- En materia de urbanismo, indica que hai máis de catorce meses que preguntaron polas alegacións ao PXOM e non sabemos nada. Supón que, salvo que se leven a un pleno extraordinario, xa se verán o ano que vén, e pregunta que previsións hai ao respecto.

6.- Explica que o autor do proxecto da rúa Uxío Novoneyra non é un enxeñeiro, senón un arquitecto.





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.LF.: P-1502100 1

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

- 7.- Lembra que o señor Alcalde dixo que se modificaría a zona do parque empresarial adicada a vivendas para destinala a usos industriais e pregunta como está ese trámite.
- 8.- En relación á UA5, no lugar da Feira dos Cabalos, manifesta que parece ser que decaeu o proxecto orixinal e que o "firaron ao lixo" e se voltou recontractar.
- 9.- Pregunta cando se cubrirán as pistas de pádel, pois agora é complicado xogar nelas.
- 10.- Manifesta que o centro de día previsto xa non vai selo, senón un local sen servizos para maiores.
- 11.- Indica que non sabemos nada da ampliación do Campo da Feira, co cal, na súa opinión, case non cumpriu o que dicía en xaneiro no seu "xornal de autopropaganda".
- 12.- Pregunta se se fixo algo en relación ao que denunciou o BNG sobre os eucaliptos do Muíño do Batán.
- 13.- Roga que se actúe para as reparacións das beirarrúas e pasos de peóns, coma por exemplo coa barbacana de aproximación, pois, na súa opinión, o artigo 49.2 da Lei de Estradas do Estado así llo permite e Fomento non llo vai impedir.

### 8.3.-Respostas do señor Alcalde

O señor Alcalde manifesta que o señor concelleiro de servizos toma nota do problema do rexistro do Campo da Feira e que o mirarán.


Explica que a obra da rúa Uxío Novoneyra a contratou a Xunta de Galicia, e que está sen recepcionar, pois van emendar os problemas de acceso e facer melloras como cubrir os colectores. Considera que hai boa disposición e explica que non a recepcionarán ata que estea correcta, o que espera que sexa pronto.

En relación á seca, manifesta que se está a falar moito do Embalse da Mina, mais que espera que chova e que non fagan falla bombeos provisorios. Explica que a Mina se encheu con auga do río Barcés, que ten que voltar polo seu propio peso. Considera que o normal é aproveitar para regulara para que non haxa riadas, como antes, no Val do Barcia. Considera que o río terá máis caudal, por enriba do mínimo obrigado para a conservación do ecosistema, e que o embalse, que non estaba previsto que se enchese até 2020, parece que poderá estar nuns seis meses. Coida que o concello de Carral é privilexiado ao captar a auga antes do encoro, polo que cre que non debería de haber restricións, se ben hai que ser solidarios co resto dos concellos. Engade que Carral é o único ao que lle xestiona a auga EMALCSA, coma á Coruña. Reitera que espera que chova para que non sexan precisas medidas excepcionais, e manifesta que cre que non vai ser necesario un colector de 1,3 Km, senón que vai chegar unha obra menor, da que EMALCSA asumirá os custes para que sexa máis doada a súa xestión. Conclúe que coida que non vai haber problemas de auga, salvo que haxa problemas de luz para bombear, mais que tamén hai que ser solidarios, por exemplo, se houbese que cortar o fornecemento de auga varias horas.

O señor Bergondo Trillo replica que, "*despois do rolo de solidariedade, xeografía e historia*", o que vén dicir o señor Alcalde é que non hai ningún estudo sobre os efectos da auga no río Barcés.

O señor Alcalde preguntalle se escoitou o que dixo, que de neno via os prados inundados coa auga do río Barcés, e que agora pode regularse dende enriba. Reitera que o río Barcés achegou a auga que hai nese encoro que agora está cheo, e que terá que voltar ao río, mais agora





## Moi Leal e Excelentísimo Concello de Carral (A Coruña)

Campo da Feira, nº 1 // C.P.: 15175 // Tel.: 981670002 Fax: 981 6722 82 // C.L.F.: P-1502100 I

Páxina web: [www.carral.es](http://www.carral.es) / Sede electrónica: <http://sede.carral.es> / Correo electrónico: [correo@carral.es](mailto:correo@carral.es)

poderase regular. Cre que lle explicou todo, e repite que considera que Carral ten o privilexio de ter un convenio con EMALCSA, de xeito que pode contar co seu persoal e estudos, non tendo ademais ánimo de lucro, coma outras empresas.

O señor Couto López manifesta que quere facer un inciso e o señor Alcalde dille que non está no uso da palabra.

No tocante á cuestión dos eucaliptos no Muíño do Batán, explica que é unha zona protexida, mais que houbo prantacións por descoñecemento. Indica que se notificou que deben arrincar tales eucaliptos e prantar outro tipo de árbores. Engade que os servizos de medio ambiente están nese tema, mais que é difícil erradicar algúns eucaliptos, porque teñen cinco, vinte ou corenta anos, se ben, cando hai cortas, non se voltan poñer. Manifesta que a Xunta de Galicia así o publicou, e que eles, o Concello e o Seprona vearán por iso.

Considera que a Aula da Natureza xa está a cumprir a función para a que está prevista, e que así a chama a Deputación. Indica que non sabe se está ao 100% rematada, mais que está orgulloso de que alí xa haxa persoas traballando.


O señor Couto López opina que o señor Alcalde desvía o tema, e o señor Alcalde chámalo á orde por primeira vez para que non interrompa.

O señor Alcalde continúa decindo que a Aula da Natureza está nunha zona verde que xa estaba prevista para iso, mais que nela había un edificio que daba noxo e vergoña, e que se aproveitou para que rapaces dos concellos da contorna que non teñen profesión adquiren coñecementos sobre a natureza e cobrasen por iso, ademais de saír cun título. Explica que alí se imparten clases, e que se gardan os apeiros para facer as prácticas de podas ou inxertos, ademais de contar cun invernadoiro de prantas para repoñer. Explica que se entra por enriba, xa que o polígono só ten dous accesos.

O señor Alcalde chama á orde por segunda vez ao señor Couto López por falar sen estar no uso da palabra, pídlle que sexa serio. O señor Couto López segue falando e o señor Alcalde di que é un maleducado e que vai levantar a sesión.

Ás 12 horas e 53 minutos, o Señor Alcalde remata a sesión, da que estendo a presente acta (que consta de trinta e unha páxinas numeradas do un ao trinta e un , e por min asinadas e seladas co carimbo do Concello, impresas en papel ordinario até a súa elevación ao correspondente libro), que asina o Señor Alcalde, do que, coma Secretario do Concello, dou fe.

O ALCALDE



José Luis Fernández Mourinho

O SECRETARIO DO CONCELLO



Diego García Doyat

